

**REUNIÓN DA COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA,
ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

Día: 23.11.2017 Hora: 16:00

A Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de novembro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia en relación coa Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm.37326, 09/PPLI-000013)

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 17832 (10/PNC-001463)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 188, do 06.10.2017
- 2.2 18211 (10/PNC-001484)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de autorización presentadas por Gas Galicia para a execución do proxecto de substitución do gas propano nos barrios ferroláns de Caranza e Esteiro e o pechamento das instalacións da planta da urbanización de Caranza, así como a garantía dos dereitos das persoas consumidoras dese gas en Ferrol
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 191, do 11.10.2017
- 2.3 19700 (10/PNC-001603)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais do sector, dunha diagnose das consecuencias e do impacto no turismo galego da vaga de incendios forestais rexistrada no ano 2017, así como a elaboración de propostas para paliar os seus posibles efectos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017



Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2017

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 6.^a, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Vicepresidenta	
Sandra Vázquez Domínguez	P
Secretaria	
Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Juan José Merlo Lorenzo	EM
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 23.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia en relación coa Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética (doc. núm.37326, 09/PPLI-000013)

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 23.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 23.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 17832(10/PNC-001463)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia á SEPI en relación coas saídas e entradas de novo persoal previstas no futuro plan industrial de Navantia para Ferrol e Fene

Publicación da iniciativa, 188, 06.10.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6ª**; relativa a necesaria renovación das plantillas de Navantia Ferrol e Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2016, os diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados aprobaron, a instancias do Grupo Parlamentario de En Marea, e por unanimidade, unha Proposición non de lei na que se instaba ao Goberno, á SEPI e a Navantia, a que adoptasen as medidas necesarias para negociar un plan industrial viable para os estaleiros galegos.

Este Plan Industrial debería definir a carga de traballo, ampliando a oferta para a construción de buques do sector civil, incorporando novas actividades, como as enerxías renovables.

Tamén se solicitou un plan financeiro para garantir os recursos necesarios para manter a actividade, incluíndo un plan de investimentos e en I+D. Así mesmo, neste acordo esixíase un plan laboral que asumise a necesaria substitución xeracional no persoal, adaptándoo ás novas necesidades do Estaleiro 4.0 e que se regulase e se fidelizara a industria auxiliar.

Pese que tanto a parte social como a empresarial defenden a aplicación do plan, e ata coinciden nos principais alicerces sobre os que debe sustentarse, as conversacións para o desenvolvemento do programa continúan sen arrincar. A



día de hoxe a situación segue a ser a mesma, e non se adoptaron as medidas necesarias para iniciar as negociacións entre o Goberno, a empresa e as e os representantes legais dos traballadores para a elaboración do citado plan industrial.

Os últimos balances contables de Navantia arrojan datos económicos negativos, con perdas en 2015 que roldan os 168 millóns de euros e en 2016 de 230 M€.

Estas dificultades económicas non se deben só á falta de carga de traballo, a empresa non ten capacidade para dar resposta aos contratos asinados, ao carecer de capacidade de xestión, tanto no financeiro como no laboral.

Nos últimos anos as políticas levadas a cabo polo PP están a provocar o afogamento do sector público industrial, acrecentado pola falta de partidas necesarias nas sucesivas Leis Xerais de Orzamentos dende o ano 2012.

Pola súa banda o Goberno da Xunta de Galicia segue coa súa política de portadas da prensa amiga cando hai algunha noticia positiva, nas que non ten nada de que presumir dada a súa total inhibición sobre a xestión de Navantia, desatendendo as múltiples iniciativas deste grupo nas que instabamos a solicitar ao Goberno do Estado a presenza da Xunta no Consello de Administración de Navantia dado o seu carácter estratéxico para as políticas industriais en Galicia. Por contra cando hai noticias negativas ou ausencia de noticias, como é no caso do desenvolvemento do imprescindible Plan Industrial, esconde a cabeza como a avestruz alegando non ter competencias.

O Plan Industrial de Navantia, anunciado pola compañía e a SEPI hai máis de 7 meses, e como xa mencionamos aprobado no Congreso hai ano e medio, segue nas pávias, e ante esta inacción do Goberno do Estado e a indiferenza do



Goberno da Xunta, Navantia queda abandonada á súa sorte. É incomprensible tanta incompetencia e tanta pasividade ante a deterioración da Compañía.

Tamén é incomprensible que os responsables do PP en Galicia e en Madrid non saiban ver os enormes valores tecnolóxicos e industriais de Navantia Fene e Ferrol un estaleiro de primeiro nivel mundial.

A súa aversión cara ao público lévalles mesmo a deostar de maneira ignorante e indignante aos profesionais, técnicos e traballadores destes estaleiros deixándoos ante a opinión pública como unha rémora social que só vive do maná do Estado.

A ignorancia curase lendo, e se lesen as publicacións de maior prestixio do sector naval a nivel internacional, verían que por exemplo os últimos desenvolvementos de enxeñaría naval e de propulsión mixta de Navantia Ferrol e Fene, como son os barcos de asalto anfíbio, LHD na nomenclatura internacional, como o recentemente entregado á armada Australiana HMAS Adelaide, son considerados os de superior operabilidade e prestacións no mundo, superando aos seus competidores desenvolvidos por estaleiros franceses ou estadounidenses.

Vimos de coñecer nas últimas semanas que aínda que non se desvelan os elementos principais do Plan Industrial, si se filtra a noticia de que o plan industrial de Navantia implicará a saída de 570 traballadores en Ferrol.

Como en anteriores ocasións parece que a medida estrela para os responsables da SEPI e do Ministerio de Industria é o desmantelamento profesional dos estaleiros.

Para evitalo habería que presentar en paralelo as estratexias de contratación de novo persoal adaptado ás novas tecnoloxías que deberán ser implantadas no Estaleiro 4.0. E facelo coa marxe de tempo suficiente para posibilitar a



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 18:19
Nº Rexistro: 17832
Data envío: 28/09/2017 18:19:42.330



transferencia de coñecemento profesional e tecnolóxico dos técnicos e profesionais máis veteranos, chamados a abandonar a actividade por xubilación nos próximos anos, ás novas e novos enxeñeiros e técnicas e técnicos de todo tipo.

Tendo en conta que máis do 70% do persoal ten máis de 50 anos, non planificar este solapamento entre incorporacións e saídas sería unha grave irresponsabilidade e unha dilapidación de coñecemento inadmisíble.

Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir para garantir como mínimo o mantemento dos postos de traballo nas factorías de Navantia en Fene e Ferrol.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Exixir á dirección da SEPI e de Navantia que todas as saídas de persoal previstas no futuro Plan Industrial sexan cubertas por novo persoal cualificado en número como mínimo similar.
- 2.- Instar á dirección da SEPI e de Navantia a que a planificación das saídas e entradas de novo persoal permita un solapamento suficiente no tempo que garanta a necesaria transferencia de coñecemento.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 18:19
Nº Rexistro: 17832
Data envío: 28/09/2017 18:19:42.330

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 28/09/2017 18:18:40

Luis Villares Naveira na data 28/09/2017 18:18:52

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 23.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 18211(10/PNC-001484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas solicitudes de autorización presentadas por Gas Galicia para a execución do proxecto de substitución do gas propano nos barrios ferroláns de Caranza e Esteiro e o pechamento das instalacións da planta da urbanización de Caranza, así como a garantía dos dereitos das persoas consumidoras dese gas en Ferrol

Publicación da iniciativa, 191, 11.10.2017

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Ferrol milleiros de veciños e veciñas, principalmente dos barrios de Caranza e Esteiro, están a ver como se lles pretende impor un cambio no subministro de Gas que empregan nos seus domicilios tras a suposta decisión por parte da empresa subministradora de eliminar a oferta de subministro de GLP (propano) obrigando así aos usuarios e usuarias a ter que optar polo subministro de Gas Natural, ou no seu defecto a depender do uso da tradicional bombona de butano. Esta decisión que entendemos fraudulenta pretende anular as regras legais do mercado e, con isto, os dereitos das consumidoras e consumidores.

No mes de xullo a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución pola que se autoriza a transmisión da titularidade das instalacións de distribución de GLP canalizado que Repsol Butano ten nos polígonos residenciais de Caranza e Esteiro, no concello de Ferrol a favor de Gas Galicia SDG S.A. coa consecuente subrogación dos dereitos e obrigas asociados.

Parece ser que a empresa GAS NATURAL ten expresado en documentos remitidos as diferentes administracións que *“este hecho no supondrá ningún cambio en*



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 09:57
Nº Rexistro: 18211
Data envío: 04/10/2017 09:57:00.864

las condiciones de contratación y de servicio que la anterior empresa suministradora venía prestando”, mais a realidade é que as pretensións pasan por dismantelar a rede de subministro de gas propano existente en Ferrol - para o que teñen tramitado as oportunas solicitudes de licencias - o que viría a significar a eliminación deste servizo vulnerando os dereitos dos usuarios e usuarias.

Hai que indicar que moitos dos usuarios e usuarias teñen contratos de subministro de gas propano de carácter indefinido. Cómpre, polo tanto, garantir os dereitos adquiridos polos usuarios e usuarias nos seus contratos de contar, nas instalación das súas vivendas, con subministro de gas propano que debe ser compatíbel coa solicitude da empresa para desenvolver o proxecto da instalación do gas natural nas urbanizacións de Caranza e Esteiro e que sexan os usuarios e usuarias quen decidan que tipo de gas queren se o que veñen recibindo até o de agora ou se pretenden mudar a Gas Natural.

Por isto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión 6:

“O Parlamento de Galiza acorda:

1. Instar ao goberno galego á denegación das autorizacións solicitadas por Gas Galicia para o proxecto de cambio de gas en Caranza e Esteiro de 30 de xuño de 2017, da solicitude para levar a cabo o peche das instalacións da planta de GLP na urbanización de Caranza, do 27 de xullo, co obxecto de garantir os dereitos dos usuarios e usuarias.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 09:57
Nº Rexistro: 18211
Data envío: 04/10/2017 09:57:00.864

2. Instar ao goberno galego a garantir os dereitos das e dos consumidores de gas propano en Ferrol e levar a cabo as actuacións precisas para condicionar a concesión de autorizacións para este proxecto á garantía do cumprimento e respecto dos dereitos dos veciños e veciñas do concello de Ferrol a contar co subministro de gas propano nas súas vivendas sen que este proxecto poida supoñer a obriga de cambio ou substitución do gas propano por gas natural.”

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/10/2017 18:28:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/10/2017 18:28:29



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/10/2017 09:57
Nº Rexistro: 18211

Data envío: 04/10/2017 09:57:00.864

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/10/2017 18:28:34

Olalla Rodil Fernández na data 03/10/2017 18:28:35

Xosé Luis Bará Torres na data 03/10/2017 18:28:37

Ana Pontón Mondelo na data 03/10/2017 18:28:43

Reunión da Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 23.11.2017

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 19700(10/PNC-001603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións profesionais do sector, dunha diagnose das consecuencias e do impacto no turismo galego da vaga de incendios forestais rexistrada no ano 2017, así como a elaboración de propostas para paliar os seus posibles efectos

Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2017 11:50
Nº Rexistro: 19700
Data envío: 03/11/2017 11:50:02.733



 **Grupo Parlamentario**

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

Ademais, a vaga de lumes afectou a zonas moi relevantes do sector turístico, facendo que a perda paisaxística se sume á perda económica das zonas afectadas, en especial aos responsables de casas rurais e albergues. As rutas de sendeirismo, as andainas polos espazos naturais protexidos e o impacto medio ambiental son aspectos que van tardar en recuperarse totalmente, pese ao esforzo dos veciños e veciñas.

A gran cantidade de lumes, que se deron nesa fin de semana negra para Galicia, sumada ás condicións meteorolóxicas adversas, supuxeron unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, económica e, incluso, para



Grupo Parlamentario

a nosa propia idiosincrasia, atacando a nosa propia percepción sobre o coidado do medio ambiente e da nosa terra. Esta calamidade foi capaz de sacar o mellor dos galegos e galegas tratando de atallar os diversos focos que se ían propagando e prendendo ao longo e ancho do noso territorio.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, que en colaboración coas organizacións profesionais do sector, facer unha diagnose das consecuencias e o impacto no turismo galego da vaga de lumes do ano 2017, e sacar propostas coas que paliar os posibles efectos negativos no sector.

Pazo do Parlamento, 3 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/11/2017 11:15:40

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/11/2017 11:15:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/11/2017 11:16:04